



Estimados pais/nais:

O **sábado 25 de xuño**, temos previsto organizar a III Carreira Pedestre Concello de Cee. Nas probas poderán participar rapaces/zas nados entre os anos 1999 e 2012.

CATEGORÍAS	DISTANCIAS	HORA SAÍDA
Pitufos (2009-2012)	400 m.	18:00
Benxamín (2007-2008)	1.000 m.	18:10
Alevín (2005-2006)	1.000 m.	18:25
Infantil (2003-2004)	3.400 m.	18:40
Cadete (2001-2002)		
Xuvenil (1999-2000)		

A inscrición será gratuíta para estas categorías, e a data límite será o martes 21 de xuño. (Ou ata mércores 22 de xuño a través de www.championchipnorte.com)

As categorías base (dende pitufos ata xuvenís) poderán facer a inscrición de dúas maneiras:

1. A través de www.championchipnorte.com: introducindo os datos persoais do atleta. A autorización paterna deberá imprimirse e ser presentada debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais. Dita autorización poderá ser descargada en www.championchipnorte.com.
2. Presentando a autorización paterna (que aparece na parte dereita desta folla) debidamente cuberta e asinada, no Servizo de Deportes do Concello de Cee.

Os atletas inscritos deberán recoller o seu dorsal e CHIP dende as 16:30 h. Os dorsais e chip poderanse recoller ata corenta e cinco minutos antes do inicio da proba. A categoría PITUFOS só levará dorsal (non chip).

Premios: En categoría pitufo levarán medalla todos/as os/as participantes. Nas categorías benxamín e alevín, levarán medalla todos os participantes, e subirán ó podio os/as tres primeiros/as de cada unha destas categorías. Nas categorías infantil, cadete e xuvenil levarán trofeo os/as tres primeiros/as participantes de cada categoría.



CONCELLO DE CAMARIÑAS



III CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2016 Autorización paterna

DATOS DO/A ATLETA

APELIDOS		
NOME		
DATA NACEMENTO (DD-MM-AA)		
DNI (se teñen)		
XÉNERO (marcar o que corresponda)	<input type="checkbox"/>	MASCULINO
	<input type="checkbox"/>	FEMININO
ENDEREZO		
C.P. e POBOACIÓN		
CENTRO ENSINO		
TLF		

AUTORIZACIÓN (PAI, NAI, TITOR/A)

APELIDOS		
NOME		
DNI		
SINATURA	Autorizo ao meu fillo/a a participar na III Carreira Concello de Cee 2016	

Cortar pola liña de puntos e presentar este permiso debidamente cuberto e asinado no momento de realizar a inscrición ou de recoller o dorsal. Poderase entregar nas conserxerías dos colexios de primaria de Camariñas e Ponte do Porto ou no Concello de Camariñas (departamento de deportes).